

Deportes e política deportiva

En pleno século XXI a concepción do deporte como espectáculo de masas convive en relativa harmonía coa practica deportiva de base como parte dun sistema de valores que fomenten e afiancen entre a xuventude conceptos como esforzo, dedicación, compañeirismo ou solidariedade. Os deportistas de elite, consciente ou inconscientemente, proporcionan modelos sociais que os nosos nenos toman como un espello sobre o que ir formando a súa personalidade e xeito de ser, consecuencia da súa exposición nos medios de comunicación por mor da participación en competicións deportivas. É esta visibilidade pública á que están sometidos os deportistas a que lles outorga un valor impagable como condutores da imaxe internacional da sociedade a que representan.

Así mesmo, os propios espectáculos deportivos son fonte de riqueza para as localidades e comarcas onde se realizan, grazas o volume de espectadores que moven e polo tempo e o espazo que os medios de comunicación lle prestan nos seus respectivos soportes.

1.1 Deporte de alto nivel

Galicia, en liñas xerais, está fora de todas estas sinerxias positivas que producen as actividades deportivas de primeiro nivel en eidos tan esenciais como a imaxe internacional da nosa sociedade, a identidade do país ou a potenciación do galego como lingua. Convergencia XXI ten que posicionarse no eido da política deportiva a prol da proxección internacional do deporte galego, con fin de obter o recoñecemento e a integración directa das federacións deportivas galegas, como membros de dereito pleno nas correspondentes federacións internacionais cun obxectivo claro, que os deportistas galegos con seleccións propias dos seus deportes poidan participar con elas nos diferentes eventos internacionais que se organicen.

Para chegar o obxectivo desexado, Convergencia XXI debe posicionarse a favor da colaboración e potenciación das canles actuais de financiamento deportivo co sector privado co fin de dotar dos fondos precisos os deportistas, mediante a potenciación e optimización dos actuais sistemas de bolsas deportivas.

Consideramos insuficiente e pouco produtiva a actual función da Fundación Deporte Galego que, por exemplo, non é capaz de dotar os nosos deportistas olímpicos das instalacións necesarias para a súa preparación.

Un exemplo: Imaxinemos un deportista olímpico galego como o triatleta de Ferrolterra Gomez Noya, participante nas vindeiras Olimpíadas de Londres dentro do equipo olímpico español, subindo a recoller unha hipotética e desexada medalla cunha bandeira galega na man e facendo as súas primeiras declaracións en galego.

O valor que tería esa imaxe sería mais importante que cen campañas publicitarias a prol do idioma ou da identidade.

Se os deportistas galegos, espellos onde a sociedade se mira, triunfan internacionalmente sen ter que emigrar do país, obteríamos unha fortísima ferramenta de valoración da identidade da nosa sociedade. Non como mostra política, senón como mostra de que desde Galicia e en galego, pódense facer grandes cousas.

1.2 Deporte de base e escolar

A segunda liña mestra na que teñen que incidir as políticas de Convergencia XXI no ámbito deportivo é o fomento da practica deportiva de base e en idade escolar.

- No ámbito da escola → A integración da practica deportiva no noso sistema educativo ten que ser unha das prioridades da nosa política deportiva. O fomento dos deportes desde as idades mais novas so ten aspectos positivos que van desde o fomento dun estilo de vida saudable, do compañeirismo ou da asunción dos valores anteriormente descritos, e que son inherentes o deporte. Para facer sostible esta integración e seguindo a nosa liña económica debería acadarse, a través das correspondentes federacións, a colaboración dos clubs deportivos co fin de que estes (profesionais e de base) participen no sistema educativo.
- No ámbito do deporte de base → En paralelo o ámbito escolar, debemos buscar a democratización e boa xestión das Federacións deportivas, sobre todo as que reciban cartos públicos, fomentando e premiando as boas practicas tanto económicas como organizativas.

1.3 Seleccións nacionais

A posta en marcha das Seleccións Nacionais Galegas, tanto masculinas como femininas, nas federacións onde non existan e a potenciación daquelas que xa compitan, teñen que ser dous obxectivos irrenunciabes do posicionamento de Convergencia XXI en ámbitos de política deportiva. A integración de Galicia en aquelas federacións internacionais que o permitan debería ser inmediata e onde non o sexa, a participación das nosas seleccións en partidos ou competicións "non oficiais" debería ser constante con fin de darlle visibilidade pública os nosos equipos.

Para acadar e financiar este obxectivo, Convergencia XXI debe buscar a colaboración da empresa privada, co fin de que o orzamento preciso para fomentar e acadar estas participacións repercuta no menor importe posible nos presupostos da Secretaria Xeral para o Deporte como ocorreu no pasado e pasen a ser xestionados polas Federacións correspondentes, mediante patrocinios.

En resumo, o posicionamento de Convergencia XXI en ámbitos de política deportiva ten que centrarse na mellora organizativa das nosas federacións, na potenciación e apoio dos nosos deportistas a nivel internacional, no fomento do deporte escolar e de base e na creación e potenciación das nosas seleccións nacionais.